

XIV EDICION

Manuel Rodríguez López,

tradutor de *L'Atlàntida* de Verdaguer

Palabras preliminares

Para min é unha honra facer un prologuiño para o volume que recolle os textos poéticos e narrativos premiados este ano polo Concello de Paradela. Refírome, loxicamente, ó Premio literario “Manuel Rodríguez López”, nome que escribo con seña de recordo ó recordar os meus encontros con el en Lugo, encontros de hai moitos anos.

Batín con Manolo, por primeira vez, na imprenta (e editorial) Celta, onde el estaba a revisar as galeradas do seu primeiro libro de poesía, *Poemas populares galegos* (1968). Xeneroso como era, uns anos despois, estampou o meu nome na dedicatoria impresa do seu terceiro poemario: *Soldada mínima* (1979): “Adicado a Basilio Losada e Xesús Alonso Montero, mestres e facho. Darío Álvarez Blázquez, Manuel María, poeta da Terra Chá, portas francas no meu camiño”. Gústame ir en tan ilustre compañía, moi especialmente na do doutor Álvarez Blázquez, unha das persoas a quen máis estimei e quixen. Tamén me agrada que o meu nome figurase, precisamente, nese libro, *Soldada mínima*, en realidade un feixiño de versos escritos por Manolo, daquela, desde a súa condición de obreiro e poeta (“Daquela” significa 1969, o ano en que este poemario non pasou a peneira da Censura. Xa eu en Vigo (desde 1976), prologuei un libro de Manolo moi querido por el: *Reencontro coa aldea* (Edicións do Castro, 1983). Eu algo sabía, e sei, de reencontros desta índole.

Agora asisto a un reencontro, con Manolo, que me enche, dentro da seña de recordo, de alegría. Acaba de chamarme por teléfono, desde Brístol, Santiago, fillo do noso escritor, destacado xenetista en Inglaterra. O motivo da chamada: pedirme, por favor, se eu estaba disposto a escribir un ou dous folios sobre seu pai como presentación do volume que recolle os textos do último Certame literario do Concello de Paradela. Manifesteille, de contado, que o faría, non “por favor”, senón con moita satisfacción e moi honrado. Puxen, si, unha “condición”: coñecer os “prólogos” das edicións anteriores para non centrarme, no meu, nas facetas humanas ou literarias abordadas por outros amigos ou admiradores nos volumes xa publicados. Poucos días despois, Irene López Gómez, a viúva de Manolo, envioume un

paquete de libros que moito agradecín, un deles descoñecido: a *Vida e obra de Manuel Rodríguez López* escrita por Manuel Blanco Castro (Concello de Paradela, 2000). Lino o mesmo día e anotei datos ignorados, algún dos cales aproveitarei no presente traballíño. No paquete figuraban case todos os volumes dedicados ó Premio instituído polo Concello de Paradela en honra do escritor “patrio” Manuel Rodríguez López. Poucos concellos “modestos” teñen e manteñen unha actividade literaria e editorial como esta, e todo fai supoñer que continuará. Un argumento máis para que eu prologue a presente edición e para que me poña ó dispor dun Concello tan comprometido coa causa literaria.

Manuel Rodríguez López e o idioma catalán

Se non me trabuco, ningún dos excelentes prologuistas anteriores trataron a relación de Manolo coas Letras catalanas, relación na que existe un capítulo de gran importancia: a súa tradución dunha obra magna da literatura en catalán, *L'Atlàntida*. É certo, non obstante, que no citado libro de Blanco Castro aparecen, aquí e alí, algunhas noticias valiosas para quen queira acometer, no futuro, un traballo non exento de interese: a relación do noso escritor co idioma catalán.

Sabido é que Manolo emigrou, coa súa nai, a Barcelona no ano 1941. Da cativa e remota aldea de Randulfe, á gran urbe catalana cando acababa de cumprir sete anos. En Barcelona vai vivir Manolo anos moi importantes da súa nenez, da súa adolescencia e da súa mocidade, anos nos que é imposible non aprender o catalán. Cómpre salientar, destes anos, o período 1946-1952, no que foi un alumno aplicado do Seminario.

No Seminario celebrábanse certames literarios dos que non estaba ausente o catalán, idioma no que participou, algunha vez, aquel rapaz de Paradela. No libro de Blanco Castro atopamos unha noticia de máximo interese.

Destes anos, concretamente a partir do cuarto curso de Humanidades, contamos co que el titulou *Poesías originales*, de Manuel Rodríguez López. É unha mañiza de poemas en castelán, catalán e galego, e sobre diversos temas, predominando o relixioso... (p. 50)

Debería exhumarse este caderno, no que, sen dúbida, hai a “gran inxenuidade” (Blanco Castro) propia dos anos, pero sería un excelente documento para coñecermos a “prehistoria” deste peculiar poeta trilingüe.

Tempos despois, non sei se poetizou en catalán, pero traduciu do catalán páxinas moi valiosas, entre elas algúns poemas de Salvador Espriu (no nº 9 de *Dorna*, revista da Universidade de Santiago).

O tradutor de *L'Atlàntida*

Manolo, sen dúbida, tiña idea precisa da importancia que este poema épico de 1877 tivo no mapa literario da Renaixença catalana. Da importancia, como poeta, de Jacint Verdaguer (1845-1902), ilustre sacerdote (Mossèn Cinto), tivo noticias fervorosas nas aulas do Seminario. Alí oíría falar, especialmente, do poemario *Idil-is i cants místics* (1879). Deste libro, na edición de 1882, existe un exemplar dedicado polo autor a dona Emilia Pardo-Bazán, “gloria de Galicia y orgullo de las Letras españolas”, que a dedicatoria encadernou “con piel de un guante mío” (obra na Casa Museo, A Coruña).

No libro de Blanco Castro reproducécese, fragmentariamente, unha carta de Manolo, que tiña vinte anos, ó P. José Rubinos Ramos (1898-1963), que transcribimos:

[Un profesor do Seminario díxolle certo día]: “La literatura Gallega es muy pobre. Sólo cuenta con dos nombres, Curros y Rosalía. En cambio, la lengua catalana tiene poesía, drama, teatro, épica. Una lengua sin épica, no se puede decir que cuente con literatura” [...] A min sabíame moi mal non poder presentar unha xesta como *L'Atlàntida* ou *Canigó* do gran Verdaguer; por eso non podo menos de saltar de alegría ó saber que tamén a nosa lingua conta cunha epopeia, *Covadonga*... (11-7-1955)

Un xuízo tan discutible como o daquel profesor de Literatura, obrou moi positivamente no espírito galego do noso escritor, tanto que, consciente de que el non nacera para compoñer un poema épico de gran alento, decide, certo día, traducir ó galego o poema catalán no que pensaba, sen dúbida, o profesor do Seminario. Quizais Manolo cría que *Covadonga* (1950), a epopea do P. Rubinos, estaba moi lonxe do alento poético do Verdaguer épico. Se foi así, estaba no certo. O único que podía intentar Manolo, tan condicionado polo discutible xuízo literario do seu profesor, era facer falar en galego ó Verdaguer d’*A Atlántida*.

En 1995 publicou a súa tradución (en edición da Xunta de Galicia) do gran poema de Jacint Verdaguer. Sábese que *L'Atlàntida*, desde a súa primeira edición en 1878, tivo un éxito internacional grande; en efecto, foi traducida a moitos idiomas. A versión galega chegounos en 1995, ou sexa, 117 anos despois da edición príncipe, que foi bilingüe (catalán-castelán). Aínda que serodia, a proeza débese a Manuel Rodríguez López. Foi el quen se decatou de que deberían falar en galego os versos deste poema xeolóxico, desta orixinal xesta que conta un cataclismo cósmico: o afundimento dun enorme continente, a Atlántida, ó que se referiron na antigüidade, entre outros, Platón, fonte moi tida en conta por Jacint Verdaguer.

Nas Letras galegas cítase pouco, moi pouco, fragmentos de *L'Atlàntida*, un poema que dedica a Galicia, no Canto décimo, vinte e catro versos dignos de seren lembrados e

citados. Son versos nos que hai referencias ó río Miño co seu “tálamo aurífero”, a Finisterre, A Coruña e a Torre de Hércules:

a on un far relleva de nits l’astre del día,
vetllant aquelles terres i mars com l’ull de Déu.

Co seu decoro habitual, Manuel Rodríguez López traduce estes dous versos:

onde un faro releva de noite o astro do día,
vixiando terra e mar coma un ollo de Deus.

Ignoro, arestora, se estes versos foron aducidos, hai meses, polo Concello da Coruña, para que a emblemática Torre fose declarada Patrimonio da Humanidade. Nas guías turísticas deberían figurar os versos de Verdaguer, no orixinal catalán e na versión galega de Rodríguez López. Fágase ou non no futuro, neste artigo manifestamos a nosa gratitude ó tradutor de tan importante e orixinal obra literaria, e, asemade, tributámoslle a nosa afervoadada homenaxe.

Xesús Alonso Montero

Vigo, setembro, 2009